

Programación cultural OLEIROS

febreiro-abril
2026

XIII CICLO DE MÚSICA: Voces cálidas para noites de inverno

LA HABITACIÓN ROJA

Sábado 7 de febreiro ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica (Perillo)

.....
LA HABITACIÓN ROJA formouse en L'Eliana alá polo ano 1995, hai xa 30 anos e hoxe presentan en Oleiros en formato acústico "Crear", o seu décimo cuarto disco de estudio.

"Crear" é un disco no que resoa todo o imaxinario que a banda foi tecendo ao longo do tempo con forza: ese romanticismo idealista, ese aire melancólico cheo de melodías memorables e letras que chegan, combinación marca da casa que o grupo foi capaz de destilar nas súas tres décadas de existencia. Son esas cancións que alguén definiu no seu día como "tristes pero que che poñen contento", que che liberan, que son desaforo e consolo.

Cunha portada icónica que homenaxea ás nais dos catro compoñentes do grupo que pousan coma se fosen eles, "CREAR" reivindica a experiencia, a madurez, a traxectoria, a determinación por sacar adiante os teus proxectos e aos teus.

"Crear sempre é mellor que destruír" é o focus track deste traballo. O tema xorde dunha profunda reflexión sobre a impotencia que sentimos ao ver a un ser querido sucumbir ante a depresión. Esta canción é un canto de esperanza e de apoio, que transmite a idea de que, a través da creación, podemos enfrontar as sombras. Coa súa mensaxe de fe e confianza, convida a que a luz e a creatividade prevalezan nos momentos máis difíciles.

PREZO: 6 euros



XIII CICLO DE MÚSICA: Voces cálidas para noites de inverno

SABELA

Sábado 14 de febreiro

ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica (Perillo)

.....

A líder da nova escena do pop electrónico Sabela Ramil é unha das caras visibles desta nova onda de pop electrónico que triunfa no panorama musical actual. Coas súas tinguiduras animadas e bailables, Sabela converteuse xa no gran alicerce deste xénero en Galicia. As súas cancións acumulan centos de miles de reproducións, conquistando con grandes xiras en directo importantes salas ao longo de España e de Galicia, así como festivais da talla de *O Son do Camiño*, *BIGSOUND Pontevedra*, *SonRías Baixas*, *Festival do Pasatempo* ou *Festival Noroeste*.

A artista galega soubo madurar o seu proxecto para levalo a unha nova etapa da súa carreira, e a pesar de contar cun estilo xa propio e identificable, aposta forte por un son máis internacional mantendo elementos tradicionais galegos, fortalecendo así as súas raíces. ***Brillanche os olliños***, último traballo discográfico de Sabela, vén de obter grandes números de escoitas e visualizacións, así como recoñecementos como o *Premio Martín Códax da Música* na categoría de pop e indie, e nominacións a prestixiosos galardóns como os *Premios de la Academia de la Música*, *Premios Mestre Mateo*, *Festival de Cans* ou *Festival de Videoclips de Oviedo*.



PREZO: 6 euros

XIII CICLO DE MÚSICA: Voces cálidas para noites de inverno

CAROLINA VARELA RIBEIRO

Sábado 28 de febreiro

ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica (Perillo)

.....

Carolina Varela Ribeiro é unha nova promesa da música e do fado con apenas 20 anos. Naceu en Lisboa e creceu en Benavente, no corazón de Ribatejo. Filla de dous talentosos fadistas, Ana Sofia Varela e Ricardo

Ribeiro, Carolina introduciuse no mundo do fado desde moi cedo. A súa paixón pola música manifestouse aos 8 anos, cando empezou a tocar o piano e o saxofón.

Cantou nalgunhas das casas de fado máis emblemáticas de Lisboa como “O Faia”, “Fama d’Alfama” e “Mesa de Frades”.

Tivo unha memorable actuación con apenas 13 anos no Centro Cultural de Belén ao lado da súa nai. En 2024, conquistou o público no Festival Caixa Alfama.

Carolina é unha artista moi completa, non só se dedica ao fado senón que explora diversos xéneros musicais. Ademais de compoñer as súas cancións, toca o piano e a viola. Con todo iso, segue mantendo unha orgullosa e forte relación coas súas raíces fadistas, o que reflicte a profundidade da súa arte e paixón pola música.



PREZO: 6 euros

Produccións Teatrais Excéntricas: *As Desterradas*

Sábado 7 de marzo

ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García

Márquez (Mera)

25.º Premio Álvaro Cunqueiro de Textos Teatrais

.....
No século XVI unha pequena comunidade de monxas á beira do Miño vese ameazada pola cobiza da xerarquía eclesiástica.

Os señores da Igrexa, para rematar coa resistencia das freiras non dubida en difamalas e ameazalas por todos os medios, desde o tribunal da inquisición á violencia das mesnadas señoriais. Carme Varela reconstrúe nun thriller conventual aqueles tempos de resistencia das comunidades de mulleres autosuficientes e poderosas. A vida parece continuar coas súas rutinas de rezos, bordados e melindres, mais a negra sombra da ameaza exterior abátese sobre o convento de Albeos.

Autoría: Carme Varela

Dirección: Quico Cadaval

Elenco artístico: Melania Cruz, Patricia Vázquez, Rebeca Montero, Rocío González, Belén Constenla e Víctor Mosqueira

Duración: 85 min

Clasificación: drama

Público adulto (maiores de 14 anos)

PREZO: 6 euros



A Ramboia: *Un tal Romeo*

Sábado 14 de marzo

ás 20:30 horas

**Auditorio Gabriel García
Márquez (Mera)**

.....
Apoiado por unha tremoia escénica viva, un actor prepárase para interpretar o papel de Romeo. Repasa pasaxes da obra shakespeariana, asiste a un cásting e a continuación destrúe a golpes o balcón de Xulieta.

Xunto a un TRAMOLLISTA, o INTÉRPRETE redefine o seu concepto de amor caduco e infecioso que o incapacita para a vida e o teatro. Repasa a concatenación de primeiras veces que experimenta Romeo; casar, perder a virxindade, matar a alguén, ser desterrado e quitarse a vida, na procura de respostas a unha problemática propia que resoa na súa cabeza: NON TES PERFIL DE ROMEO. XAMAIS SERÁS PROTAGONISTA. O AMOR É SECUNDARIO. O ROMANTICISMO ESTÁ MORTO. A TÚA CARREIRA TAMÉN.

Unha ironía metateatral de contrastes e tensión rítmica entre ondas coreográficas. Que difícil é querer, que difícil é quererse.

Autoría: María Peinado

Dirección: María Peinado

Elenco artístico: Fran Lareu e Anxo García

Duración: 75 min • **Clasificación:** contemporáneo

Público adulto (maiores de 14 anos)

PREZO: 4 euros




Malasombra: O Proceso

Sábado 21 de marzo

ás 20:30 horas

**Auditorio Gabriel García
Márquez (Mera)**

1880, Curros Enríquez é denunciado polo bispo de Ourense por uns poemas do seu libro *Aires da miña terra*, un dos piares do Rexurdimento Galego. A pesar da opinión contraria do fiscal, un xuíz dá curso á denuncia e o célebre escritor é procesado e condenado.



A partir destes feitos históricos Cándido Pazó constrúe unha peza teatral que, en ton de sainete cómico protagonizado por unha galearía de personaxes populares do Ourense de finais do XIX, trata con frescura e desenfado, pero con rigor e reflexión, a cuestión do hoxe en día chamado “lawfare”, así como outros temas (a lingua, a cultura, a identidade...) que seguen vixentes na actualidade.

Un espectáculo no que tres actores e unha actriz encarnan once personaxes distintos.

Autoría: Cándido Pazó

Dirección: Cándido Pazó

Elenco artístico: Jouse García, Marcos Orsi, Paula Pier e Xoque Carbajal

Duración: 75 min • **Clasificación:** comedia

Público adulto (maiores de 14 anos)

PREZO: 4 euros

Contraproducións: *Memorias dun neno labrego*

Sábado 11 de abril ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

.....

Balbino é un neno de aldea, fillo de labregos pobres, que medra nun mundo de silencios, traballo e obediencia. Neste espectáculo, seguimos a súa voz sincera e sensible mentres narra a vida cotiá nunha aldea galega dos anos corenta.



A historia desenvólvese a través dunha serie de lembranzas que van desde a tenrura da infancia ata a crúa conciencia das desigualdades. O espectáculo dálles vida aos episodios máis representativos da novela de Neira Vilas: o maltrato escolar, a perda do amigo ou dun animal querido, a frustración do primeiro amor, a dureza do traballo, a emigración, a represión da expresión e a tristura de sentirse diferente nun mundo que non admite preguntas; pero tamén os costumes e celebracións festivas da aldea, e as esperanzas e alegrías que, a pesar de todo, ofrece a vida. Nesta nova versión teatral do clásico de Neira Vilas, a memoria persoal do neno labrego preséntase como unha memoria colectiva, a desa Galicia rural que se foi diluíndo ou transformando, nun espectáculo que pon en primeiro termo a emoción, pero tamén o humor e a relación directa e amena co público.

Autoría: Xosé Neira Vilas

Dirección: Cándido Pazó

Elenco artístico: Xulio Abonjo, Santi Romy, Ana Santos, Federico Pérez, Mónica García, Manuel Cortés e Iris Davila

Duración: 100 min • **Clasificación:** comedia

Público adulto (maiores de 14 anos)

PREZO: 6 euros

Elefante Elegante: *Alta costura*

Sábado 18 de abril ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

.....

Un espectáculo cómico, irónico e poético sobre a moda e a súa estreita relación co consumo, o recoñecemento social, a contaminación, a saúde e as condicións laborais.

ALTA COSTURA retrata o percorrido da produción da roupa desde a orixe da materia prima empregada na fabricación dos tecidos ata a confección das pezas, a súa distribución e a perversidade dos mecanismos de reciclaxe.

O espectáculo dá especial relevancia aos mecanismos de venda, ao espazo sensorial da tenda e á relación contemporánea que o gran público mantén co acto de mercar e tirar roupa. ALTA COSTURA detense detalladamente na “fast-fashion”: o momento da compra, a filosofía de mercado empregada polas principais marcas e pola rapidez con que os produtos se desvalorizan, caen en desuso e se transforman en residuos abundantes e altamente contaminantes.

ALTA COSTURA é unha creación de teatro visual. A estrutura escénica, as actrices, os actores, as bailarinas, os bailaríns e a música constitúen un organismo vivo en constante movemento.

Creación: María Torres e Gonçalo Guerreiro

Texto: Tiago Alves Costa

Dirección de escena e escenografía: Gonçalo Guerreiro

Elenco artístico: María Torres, Pablo Sánchez, Sofía Espiñeira e Raquel Crespo

Duración: 60 min • **Clasificación:** comedia

Público adulto (maiores de 14 anos)

PREZO: 4 euros



A compra de entradas para os espectáculos realizarase a través da plataforma electrónica (giglon.com) e no despacho de billetes dos auditorios municipais desde unha hora antes do comezo do espectáculo. **O pago no despacho só poderá efectuarse mediante tarxeta bancaria.**



**Só se
aceptan
pagos con
TARXETA**



- Prégase puntualidade. Por respecto aos e ás artistas e ao público, non se permitirá o acceso ao patio de butacas unha vez iniciado o espectáculo.
- En atención á lexislación vixente será de obrigado cumprimento o respecto á capacidade máxima de cada sala.
- Non se permite comer nin beber dentro do patio de butacas.
- Os móbiles permanecerán apagados durante o espectáculo.
- Non se permite fumar en ningún espazo do auditorio.
- Non se permite filmar, gravar ou sacar fotografías sen a correspondente autorización.
- Todos os espectáculos poderán sufrir modificacións canto a datas, horarios ou capacidade da sala.

Auditorio da Fábrica



Rúa do Inglés, nº 13, Perillo

Auditorio Gabriel García Márquez



Rúa do Chelito, s/n, Mera



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



XUNTA
DE GALICIA

Concello de  Oleiros